

**Os voceiros dos tres grupos con representación no Concello de Burela (PSOE, PP e BNG) instan á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ao estudo da activación socio-económica do noso concello, mediante medidas alternativas ás actuais que implican o peche dos establecementos de hostalería e o peche perimetral da nosa vila.**

Sendo conscientes de que a incidencia acumulada nos últimos 14 días é moi alta, e acada a cifra de 427 casos por cada 100.000 habitantes, e dos 41 casos activos actuais que temos no día de hoxe, 19 de novembro de 2020, tamén somos coñecedores de que debido á idiosincrasia da nosa vila e á súa natureza, merecemos unha revisión dos gromos e do impacto dos mesmos.

O barco atracado no noso porto, con 17 tripulantes contaxiados, dos cales 11 contabilizan na nosa vila, son un gromo controlado e localizado. O barco atracado en Celeiro, suma 2 positivos para a nosa vila e tamén é un foco controlado. Os casos do gromo da unidade do 061 tamén supuxo 4 casos positivos que tamén se atopa baixo control.

Burela ten un dos portos máis importantes do Cantábrico. Burela ten numerosos sanitarios traballando no Hospital Público da Mariña. Burela ten un centro de saúde de referencia do que dependen varias unidades da comarca. En Burela entran e saen cada día máis de 1000 persoas por motivos laborais.

Imos cumprir os 15 días pechados e coa hostalería pechada tamén, e realmente os novos gromos dependen máis de outros factores que desta actividade en concreto, e a realidade é que non poden máis.

Se estamos en alerta ou nivel vermello, teremos que traballar arreo como xa o levamos feito dende que no pasado mes de marzo cambiou a nosa vida. Especialmente no mes de xullo, cando chegamos a ter case 200 casos e conseguimos con moito esforzo de todos e todas remitilos e controlalos. Naquel momento, a hostalería permanecía aberta con medidas especiais.

Precisamos equilibrar a saúde co impacto económico que está a supoñer estar pechados unha e outra vez.

Poñeremos todo da nosa man e estaremos traballando duro para poder minimizar os casos como, e reiterámonos, xa fixemos, pero precisamos algo de aire para os negocios locais a través dunha fórmula que poida encaixar co momento actual e con outros que seguramente nos quedarán por vivir.

Polo tanto, solicitamos á Xunta de Galicia o establecemento de medidas de prevención do virus que sexan mais axeitadas á realidade social da vila de Burela (recuperar a mobilidade e favorecer a actividade socio-económica instaurando un horario ou medidas adicionais na hostalería) e que, mantendo un nivel de contención da epidemia; teñan un menor impacto no tecido económico e empresarial do término municipal

Ademais, solicitamos un **reforzo de rastrexadores e máis axilidade no resultado dos test PCR.**

Precisamos dun equipo multidisciplinar local, preparado para actuar de maneira áxil e non situados nunha centraliña, xa que como puidemos comprobar en varios casos dos que estamos a seguir, as chamadas chegan tarde, e aquí o tempo é moi importante.

Solicitamos unha mellora na **vixilancia activa.** É preciso facer probas naqueles puntos máis conflictivos da nosa vila, realizando cribados de persoal de maneira periódica.

En Burela, 19 de novembro de 2020

D. Alfredo Llano, alcalde de Burela e voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

D. Manuel Rouco, voceiro do Grupo municipal do Partido Popular.

D. Mario Pillado, voceiro do Grupo municipal do BNG.